

APA SANTA MARIÑA DOZO;

“VIVE CONNOSCO O NADAL”

Estimadas familias;

O Nadal é unha gran festa, e dende o APA SANTA MARIÑA DOZO, queremos celebralo dunha maneira fermosa, onde os valores humanos como a solidariedade, a unidade, a alegría, a esperanza, a familia, o amor e a paz afloren. Por todo isto, queremos ofrecervos o noso proxecto para que xuntos vivamos dunha forma máis preto este tempo tan fermoso.

DO 01-16 DE DECEMBRO, colaboraremos coa fundación **AMIGOS DE GALICIA** na recollida de alimentos para atender ás familias máis necesitadas da comarca. Na entrada do colexio poderedes atopar caixas para recoller ás vosas doazóns.

O 20 de DECEMBRO, musical **LA REINA DE LAS NIEVES** (en Pontevedra), musical inspirado no conto de Hans Christian Andersen, aínda que todos o coñeceredes como a película Frozen de Walt Disney, gañadora de dous Premios Óscar.

Prezo socio/pais-irmáns socios; 13€

Prezo non socios; 18€

Os interesados deberán facer o ingreso na conta **libre de gastos** de ABANCA

ES12-2080-5021-5030-40020071



Indicando o nome do nen@, máis un teléfono de contacto. Data límite para anotarse será o 25 de novembro por cuestión de reserva de localidades.

O autobús recolleranos ás 17:30 na porta principal do Colexio CEP Antonio Magariños Pastoriza. **O APA CORRERÁ COS GASTOS DE AUTOBÚS E DE UN TANTO POR CEN DA ENTRADA.**


A SEMÁN DO 5 Ó 11 DE DECEMBRO. Os **socios** do APA SANTA MARIÑA DOZO, estarán invitados a adornar o árbol de Nadal que en varias culturas simboliza a unión do ceo e da terra, o crecemento, a lonxevidade e a sabiduría . Por todos estes motivos cremos que é o mellor símbolo para adornar o noso centro onde os nosos fillos estudan e se forman.

HORA E DÍA PENDENTE CONFIRMACIÓN DO CENTRO.



O 21 DE DECEMBRO; ás 18; 00 horas o APA SANTA MARIÑA DOZO CLAUSURA A SÚA FESTA DE NADAL, no AUDITORIO MUNICIPAL DE CAMBADOS, **con sorpresas** e coa actuación de **TANXARIA** compañía gañadora de dous premios **MARIA CASARES** e o seu **TITIRICIRCUS** con máis de 1200 representacións. Trátase dunha lembranza fantástica e festiva do grande circo de carpa alta e bicolor: a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista.

Nun permanente xogo participativo co público, van aparecendo os números máis importantes daquel vello circo xa desaparecido: o home máis forte da Península Ibérica, o malabarista máis divertido e bailadeiro do mundo...Recentemente a editorial Kalandraka ven de homenaxear a esta compañía e a este espectáculo publicando o libro deste espectáculo.



Prezo socios; **gratis**

Prezo pais e irmáns nenos socios; 2€

Prezo non socios; 5€

Retirarase entrada para o evento, na porta principal do auditorio.